



A SEMANA DAS CURTAS

<http://www.semanacurta.com/index.htm>

Organiza

Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Audiovisual de Vigo

Colabora



Do 28 de febreiro ao 4 de marzo de 2011

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES Audiovisual de Vigo, en colaboración coa Cordinadora Galega de ENDL (CGENDL), presenta a actividade “A Semana das Curtas”, un proxecto de fomento do uso da lingua galega para o curso 2010-2011 dirixido aos centros escolares, en especial aos Equipos de Dinamización da Lingua Galega e ao alumnado de ensino secundario.

1. DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

A actividade consiste na proxección en cada centro educativo participante dun ciclo de curtametraxes galegas en lingua galega que se presentarán como un festival dunha semana estruturado en sesións temáticas de aproximadamente 1 hora de duración cada unha. Cada sesión temática consta de 3 curtas, 1 videoclip dun grupo musical que cante en galego e unha breve peza documental de eufalo.tv, un proxecto colaborativo sobre a lingua e os falantes.

Ao mesmo tempo, habilitouse un espazo web (<http://www.semanacurta.com/index.htm>) e un blogue (<http://semanacurta.wordpress.com>) para que o potencial público das curtas poida opinar sobre as distintas pezas. Deste xeito, mozos e mozas poderán establecer contacto entre eles e elas, opinar sobre as filmacións que máis lles gustaron, contrastar opinións con outras persoas e votar pola curta e sesión que máis lle gustou a cadaquén (procurarase realizar unha votación virtual para establecer honorificamente o “premio do público”).

2. OBXECTIVOS

1. Dotar o centro educativo de material audiovisual e interactivo en galego.
2. Fomentar a proxección de curtametraxes, grupos de música e pequenos documentais galegos en lingua galega.
3. Facilitar canles de difusión do galego a través das novas tecnoloxías.
4. Asociar a lingua galega con ámbitos modernos que poden resultar moi atractivos para que o alumnado se sinta interesado polo idioma asociándoo á expresión artística e tecnolóxica.
5. Fomentar o uso do galego a través de competencias comunicativas básicas tanto en actos pasivos (escoitar) como activos (opinar nas charlas e a través de foros).

3. DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

3.1. Temporalización

Unha semana escolar que se desenvolve entre o 28 de febreiro ao 4 de marzo en sesións dunha hora de duración aproximadamente. Poderase facer fóra do horario escolar ou durante horario escolar segundo a disponibilidad de cada centro se o aproban os órganos pertinentes.

3.2. Espazos e recursos

- Sala de audiovisuais, sala de informática e/ou sala de usos múltiples.
- Para cada sesión elaborárase un DVD virtual que cada centro interesado poderá descargar dende un servidor en liña (estilo megaupload), previa recepción dun contrasinal facilitado pola organización do evento.

- A selección do material foi realizado polo EDLG do IES do Audiovisual de Vigo, que habilitará a páxina web onde se expoñerán os materiais virtuais previa autorización dos autores/as dos traballos.
- Temáticas e xéneros das sesións:
 - o cinema fantástico
 - o thriller
 - o comedia
 - o cinema bélico
- Os equipos que participen nesta actividade poderán descargar os vídeos dende un sitio web. As claves para descargar os vídeos facilitaranse na semana anterior á semana das curtas, a partir do 21 de febreiro. Logo de seren descargados, os vídeos proxectaranse na sala de audiovisuais ou no espazo elixido en cada centro.
- Facilitarase ao alumnado o enderezo do blogue, espazo no que se pode opinar e votar polas filmacións.

3.3. Destinatarios

- Alumnado de Educación Secundaria (ESO, bacharelato e ciclos formativos).
- Poderanse facer sesións para a ANPA coa finalidade de difundir máis materiais en galego xa que non adoitan chegar ao grande público a traves doutras canles nin medios.

3.4. Orzamento

- Adquisición de material (DVD para gravar): 10€.

3.5. Inscripción

- Os centros interesados en participar desta actividade deben enviar un correo ao enderezo correo@coordinadoraendl.org no que se inclúan os seguintes datos, necesarios para facilitarvos as claves de descarga na semana do 21 de febreiro:
 - o Nome do centro,
 - o Departamentos/docentes implicados,
 - o Niveis educativos en que se vai desenvolver a actividade,
 - o Nº de alumnos/as implicados/as,
 - o Profesor/a de contacto (tamén correo),
 - o Observacións (dúbdas, suxestións, etc.).

TOMA 1

#1 TOURETTES



Director: Martín Fillaega

Intérpretes: Marcos Correa, Isabel Risco

Ás veces, un problema pode salvarche a vida.

#2 RUXERUXE "BURATOS"



O videoclip da xornada é "Buratos", da banda de Aríns (Compostela) Ruxeruxe. É unha canción do seu último disco "na fura de diante".

A peza foi gravada polo curtametraxista Jairo Iglesias.

#3 PALÍNDROMO



Directora: Eva Quintas

Intérpretes: Luís Iglesia, Mariña Sampedro

Ana ten 10 anos e acaba de conseguir un dos seus sonhos, a pesar de que ata ese intre todo indicaba que non ía conseguir nada nesta vida. Acaba de gañar a carreira de atletismo. Está feliz.

#4 EU FALO "JAVIER"



Pequenos anacos de realidade extraídos da web eufalo.tv

Javier Gómez Noya ten 27 anos, é ferrolán e acaba de proclamarse Campión do Mundo de Triatlón. No mesmo día en que lle ofrecía á súa cidade este grande trunfo, falou coa xente de "Ferrol con lingua" da súa relación co galego, tanto na casa como a nivel internacional.

#5 XOGO DE NENOS



Director: Pachi Baranda

Intérpretes: Iria Sobrado, Xosé Pérez, Amancio Sanjurjo

Nunha urbanización de chalets acaroado, de súpeto escoitamos uns berros que saen do interior dunha casa. Na intimidade e sen que os veciños se decaten, o marido impón a súa autoridade á vella usanza: correa en man. Por sorte para a esposa, soa a campá da entrada.



TOMA 2

#1 INSTALACIÓN



Director: José Díaz

Intérpretes: Mónica García, Tomás Lijó, Cesar Cambeiro

O concelleiro de Cultura está farto de tanta exposición de arte contemporánea que non entende ninguén. Para sacar o museo á boia necesitan algo espectacular que impresione aos de Bruxelas. Nada máis vangardista que unha boa 'instalación'.

#2 SOM DO GALPOM "QUEDAMOS NESA PRAZA"



Videoclip realizado en stop motion pola produtora Verme Audiovisual para a banda Santiaguesa "Som do Galpom". Extraído do seu disco "Em terra de Ninguém".

#3 O MÁIS RICO (DO CEMITERIO)



Directora: Jorge Fernandez

Intérpretes: Avelino Gonzalez, Luis Iglesia

Rafael era un tipo normal ata o momento que comezou a traballar nunha funeraria. A relación cos falecidos e coas súas familias convertérono nun ser sen escrúpulos, capaz de roubar ata aos mortos. Baixo unha aparencia desordenada e caótica, agóchase un individuo calculador e sofisticado, que é quen de argallar un sistema de roubo case infalible.

#4 EU FALO "Estudiantes de Ciencias da Información "



Pequenos anacos de realidade extraídos da web eufalo.tv

Metémonos nunha das clases de Xornalismo da Universidade, e os estudantes quixeron compartir connosco cadansúa historia lingüística, ao máis puro estilo das terapias de grupo, pero micrófono en man como nos talk-shows.

#5 SOBRE A MORTE DO BIEITO



Director: Xudit Casas

Intérpretes: Marcos Correa

Un home que leva o cadaleito no funeral do Bieito, despois de escoitar uns ruídos estraños, cavila en que o morto podería estar vivo e durante todo o enterro pensa en comunicarllo aos demais mais a dúbida non llo permite. Adaptación do relato de Rafael Dieste.



TOMA 3

#1 O CERCO



Director: Martiño Vázquez

Intérpretes: Martiño Vázquez

No medio dun clima de belicismo sen lindes, aínda hai un lugar onde se libra a máis fera das batallas: a psique do ser humano. Por riba da dor e da vontade, o cidadán 3398-MVB enfrontarase nesta historia claustrofóbica a unha verdade máis dura aínda: á súa real existencia sen outra alternativa que a da propia fuxida desesperada pero... cara a onde?

#2 LAMATUMBÁ "E LOGO CHEGA O DÍA"



Unha peza do banda ourensá Lamatumbá: "E logo chega o día".

Videoclip oficial do primeiro single de "A Órbita da Banda Hipnótica" (2010). Está dirixido por Jorge Coira, o director de "18 comidas" e "O ano da carracha".

#3 SULFATO



Directora: Abelardo Rendo

Intérpretes: Xandre Rendo, Berta Barcia

As nais son esas persoas que están sempre aí, ao noso carón, sen pedir nunca nada a cambio. Mais tamén necesitan de sinxelos retallos de esperanza, de amor para seguir adiante na vida. "Sulfato" é unha historia sobre a importancia das cousas pequenas, eses anaquiños de maxia que nos regala a vida de cando en vez e que nos dan folgos e nos debuxan un sorriso para continuar...

#4 EU FALO "Neves"



Pequenos anacos de realidade extraídos da web eufalo.tv

O Leo i Arremecághona presentanos unha protagonista excepcional, súa nai Neves, que lle conta a súa historia coa lingua, chea de problemas, e lle explica por que cando era pequeno o tratou de educar en castelán (primeiro capítulo da serie "en Vigo Fálase").

#5 DIES DEI



Director: Nani Matos

Intérpretes: : Xan Cejudo, Mela Casal, Camila Bossa.

Avelino vive pendente de coidar a súa muller enferma, postrada nunha cama. Pero ao seu setenta anos, tamén el comeza a notar síntomas preocupantes.



TOMA 4

#1 AS ALMAS DO FENTAL



Director: David Vázquez

Intérpretes: Fernando Morán

Xosé é un señor maior que vive no Fental, unha aldea do interior de Galicia que está a piques de quedar baleira. A historia trata sobre un dobre abandono, o que afecta ao rural galego por un lado e, polo outro, o que sofren os nosos maiores.

#2 KASTOMÄ "GRELO 66"



Segundo vídeo promocional do disco "Almas da noite" de KASTOMÄ. Dirixido por Gaspar Broullón e Matías Tarrío. Producido por SETEMEDIA.

A Ruta do Grelo é o traxecto que vai de Ordes a Sigüeiro, e que é famoso por estar cheo de greleiras vendendo os seus produtos. Kastomä fan a ruta como é debido e protagonizan a súa particular Route 66, aínda que neste caso rebautizada como Grelo66.

E ti, andas na Ruta do Grelo?

#3 AUTOMÓBIL



Directora: Andrés Victorero

Intérpretes: Ricardo de Barreiro, Fernando Morán, Ruth Sabucedo, Xavier Estévez

É venres. Un executivo remata a súa xornada laboral. Sobe ao seu coche novo, conduce e entra no garaxe do seu apartamento de luxo. O que acontecerá alí cambiaralle a vida para sempre. Curtametraxe de ficción que conta unha historia universal. Diñeiro, poder, relacións e tecnoloxía mestúranse en cada momento da nosa vida propiciando situacións.

#4 EU FALO "Ben"



Pequenos anacos de realidade extraídos da web eufalo.tv

Ben é de Manchester e estuda galego dende hai tres anos no Centro de Estudos Galegos de Oxford. Para que lle é útil a nosa lingua? Saberémolo ao final do vídeo. ;)

#5 O LABERINTO ARIO



Director: Alfredo Pardo

Intérpretes: Fran Peleteiro, Pepe Miranda, Miguel Llanderas

Ao morrer Hitler en 1946 é soterrado na parroquia de Nogueira. Os seus lugartenentes, o doutor Manfred e Helmuth, reciben o apoio do Xeneralísimo Franco, quen intercede diante da Marquesa de Tor a prol do advenimento dunha raza aria, o rexurdir do IV Reich e o despertar dun novo Mesías.